

**REGULAMENTO DE  
FUNCIONAMENTO DO  
ÓRGANO RESPONSABLE DO  
CANAL DENUNCIAS**

**Colexio de Educadoras e  
Educadores Sociais de  
Galicia**

**Versión 1.0**

**Aprobado 26 de xaneiro de 2024**

<b>ARTIGO 1.- FINS DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS .....</b>	<b>3</b>
<b>ARTIGO 2.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS .....</b>	<b>4</b>
<b>ARTIGO 3.- PROCEDEMENTO DE NOMEAMENTOS DOS CARGOS DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS .....</b>	<b>5</b>
<b>ARTIGO 4.- FUNCÍONS DA PERSOA XESTORA DO CANAL DE DENUNCIAS .....</b>	<b>5</b>
<b>ARTIGO 5.- FUNCÍONS DA COMISIÓN DE ÉTICA .....</b>	<b>6</b>
<b>ARTIGO 6.- NOMEAMENTO DA PERSOA INSTRUTORA EN CADA UN DOS PROCEDEMENTOS.....</b>	<b>7</b>
<b>ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN E INSTRUCCIÓN DAS DENUNCIAS .....</b>	<b>7</b>
<b>ARTIGO 8.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN CAS PARTES .....</b>	<b>9</b>
<b>DISPOSICIÓN FINAL .....</b>	<b>10</b>

## INTRODUCCIÓN

A Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción impón a obriga ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (en diante Ceesg) de instaurar un Sistema Interno de Comunicacións a través do cal se permita as persoas con relación laboral ou mercantil co Ceesg por en coñecemento da mesma feitos ou accións encadradas no ámbito de aplicación obxectiva e subxectiva previsto no Regulamento do Canal de Denuncias do Ceesg.

Neste sentido o artigo 8 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción impón ao Ceesg a obriga de designar un Responsable do Sistema.

Así pois, para dar cumprimento as obrigas impostas pola Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción o Ceesg elabora o presente Regulamento de Funcionamento do Órgano Responsable do Canal de Denuncias, por medio do cal se establecerán os procedementos de nomeamento, designación e funcionamento deste.

## ARTIGO 1.- FINS DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias terá os seguintes fins:

- a. Velar pola difusión e posta en coñecemento por parte do Ceesg da existencia dos distintos Sistemas Internos de Comunicacións.
- b. Velar polo cumprimento dos principios de funcionamento dos Sistemas Internos de Comunicacións.
- c. Asumir a tramitación e xestión das denuncias presentadas polas persoas informantes a través dos distintos medios postos a súa disposición.

- d. Velar pola absoluta confidencialidade do Ceesg da persoa informante durante a tramitación da denuncia presentada, manténdose dita obriga incluso finalizada a tramitación.

## ARTIGO 2.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias do Ceesg estará composto por 5 membros debidamente nomeados.

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias terá:

- a. Unha **persoa xestora do Canal de Denuncias** que será o encargado de recibir e rexistrar no Sistema de Información a totalidade das comunicacións recibidas por calquera dos medios integrantes do Sistema Interno de Comunicacións, así mesmo será a persoa encargada de realizar as dúas primeiras análises e decidir a inadmisión ou admisión a trámite e nomeamento da persoa instrutora.
- b. **Comisión de Ética:** integrada polos catro membros restantes que:
  - I. No suposto de ser nomeado persoa instrutora: encargarse da realización dos trámites, actuacións e averiguacións necesarias encadradas na fase de instrución, deixar constancia de todos e cada un de eles e emitir unha proposta de resolución que será remitida ao resto de membros.
  - II. No suposto de non ser nomeados persoas instrutores: serán os que reciban a proposta de resolución emitida pola persoa instrutora do procedemento de investigación e serán os que, tras o estudo e valoración dos feitos obrantes no expediente, emitan a decisión final.

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias do Ceesg reunirse tantas veces como sexa preciso. E, en concreto, os membros da Comisión de Ética encargados da

adopción do acordo de terminación do procedemento de investigación reuniranse tantas veces sexa preciso para a adopción do acordo final do proceso de investigación e, en todo caso, tendo en conta que en cada un dos procedementos debe recaer resolución final nun período non superior a tres meses contados dende a data de acuse de recibo da comunicación á persoa informante ou, se non se remitiu acuse de recibo por algunha das causas previstas no Regulamento de Canal de Denuncias, tres meses a partir do vencemento do prazo de 7 días despois de efectuarse a comunicacións.

### **ARTIGO 3.- PROCEDEMENTO DE NOMEAMENTOS DOS CARGOS DO ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS**

Nomeadas polo Ceesg as persoas integrantes do Órgano Responsable do Canal de Denuncias e habendo estas aceptado o cargo, realizarase unha reunión inicial nas cales as mesmas por medio de votación elixiran entre os seus membros a persoa xestora do Canal de Denuncias.

Será elixida persoa xestora do Canal de Denuncias a persoa que reciba a maioría dos votos dos integrantes do Órgano Responsable do Canal de Denuncias.

O resto de membros do Órgano Responsable do Canal de Denuncias asumirán o cargo de persoas instrutoras e a cada unha delas por sortes se lles asignará un número comprendido entre o 1 e o 4.

### **ARTIGO 4.- FUNCÍONS DA PERSOA XESTORA DO CANAL DE DENUNCIAS**

A persoa xestora do Canal de Denuncias que será a persoa encargada de recibir e rexistrar a totalidade das comunicacións recibidas por medio do Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg, rexistralas no Sistema de Información e realizar a análise preliminar para decidir a apertura ou non da fase de instrución, xustificando en calquera dos casos a súa decisión e deixando constancia desta.

No caso de que a persoa xestora do Canal de Denuncias decida admitir a trámite a denuncia presentada emitirá resolución ao respecto e nomeará a persoa instrutora deste de acordo co previsto no artigo 6 do presente regulamento.

A persoa xestora do Canal de Denuncias asumirá a custodia de todas e cada unha das evidencias que soporten as accións levadas a cabo, durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos denunciados e en calquera caso polo tempo máximo que a normativa vixente en materia de protección de datos o permita.

### **ARTIGO 5.- FUNCIONES DA COMISION DE ÉTICA**

As persoas integrantes da Comisión de Ética terán as seguintes funcións, en relación de si foron nomeadas persoa instrutora ou non pola persoa xestora do Canal de Denuncias:

1. Si foron nomeadas persoa instrutora: levar a cabo a totalidade de actuacións da fase de instrución en camiñadas a averiguación e esclarecementos dos feitos denunciados pola persoa informante.

No desempeño das súas funcións deixará constancia da totalidade das actividades realizadas na fase de instrución e ao finalizar as mesmas deberá emitir proposta de resolución que deberá ser remitida ao resto de membros da Comisión de Ética para que adopten a decisión final.

2. Si non foron nomeados persoa instrutora: recibida a proposta de resolución emitida pola persoa instrutora, adoptarán de forma colexiada a decisión final e de terminación do procedemento de investigación.

## **ARTIGO 6.- NOMEAMENTO DA PERSOA INSTRUTORA EN CADA UN DOS PROCEDEMENTOS**

Será persoa instrutora de cada un dos procedementos de investigación os membros da Comisión de Ética do Órgano Responsable do Canal de Denuncias de acordo con seguintes criterios:

1. A cada unha das persoas integrantes da Comisión de Ética asignaráselles na reunión inicial un número comprendido entre o 1 e o 4.
2. Para a asignación do cargo de persoa instrutora a persoa xestora do Canal de Denuncias terá en conta o número asignado do Sistema de Información así:
  - a. As informacións rexistradas con numeración par serán asignadas as persoas membros da Comisión de Ética son número 2 e 4 de maneira alterna.
  - b. As informacións rexistradas con numeración impar serán asignadas as persoas membros da Comisión de Ética son número 1 e 3 de maneira alterna.

## **ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN E INSTRUCCIÓN DAS DENUNCIAS**

Recibida denuncia por calquera dos medios Integrantes do Sistema de Información intergo do Ceeg a persoa xestora do Canal de Denuncias procedera ao seu rexistro no Ssistema de Información asignándolle un código de identificación e procedera a acusar recibo da mesma á persoa informante, nun prazo non superior a 5 días hábiles contados dende a data de recepción, salvo que a persoa informante houbera presentado a comunicación de maneira anónima, ou que houbera renunciado a recibir comunicacións, ou naqueles casos nos que a persoa xestora do Canal de Denuncias considere razoable que o acuse de recibo da información comprometería a protección da identidade do informante.

Rexistrada a comunicación, a persoa xestora do Canal de Denuncias realizará unha análise previa na que comprobará se a mesma se encadra dentro de ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo previsto no Regulamento do Canal de Denuncias; no caso de non encadrarse pódese inadmitir a denuncia sen máis trámite, deixando constancia da inadmisión e a xustificación desta.

Se o resultado da análise previa é satisfactorio, a persoa xestora do Canal de Denuncias procederá a realizar unha segunda análise na que deberá comprobar se na mesma se expón de forma clara e evidente os feitos constitutivos ou non de infracción, irregularidade ou incumprimento da normativa legal vixente, incluso dos compromisos recollidos no Código ético, e norma e procedemento fixados polo Ceesg.

En función do resultado de dita comprobación, a persoa xestora do Canal de Denuncias decidirá no prazo máximo de 10 días hábiles, dende a data de entrada no rexistro da denuncia, a inadmisión ou admisión a trámite da denuncia, debendo xustificar debidamente calquera das dúas decisións.

No caso de admitir a trámite a denuncia, no propio acordo a persoa xestora do Canal de Denuncias nomeará á persoa instrutora de acordo co establecido no artigo 6 do presente regulamento e remitirá á mesma o expediente.

Recibido o expediente a persoa instrutora deberá poñerse en contacto coa persoa denunciada ao obxecto de informala sobre a existencia da denuncia, así como poñer en coñecemento desta de maneira sucinta os feitos relatados; esta información poderá efectuarse no trámite de audiencia si se considera que a súa aportación con anterioridade puidera facilitar a ocultación.

Asemade a persoa instrutora realizará todas cantas actuacións considere precisas para o esclarecemento dos feitos debendo, en todo caso, sempre e cando sexa posible, manter unha reunión presencial coa persoa denunciada.

A persoa instrutora debe deixar constancia por escrito da totalidade de actuacións realizada e do resultado destas.



Rematadas as actuacións a persoa instrutora debe emitir proposta de resolución e remitir a mesma a Comisión de Ética ao obxecto de que o resto de persoas integrantes da mesma, previo estudo, deliberación e votación, emita a resolución final do procedemento de investigación.

### **ARTIGO 8.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN CAS PARTES**

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias do Ceesg e en concreto a persoa que asuma a responsabilidade de xestión e tramitación de cada unha das fases do procedemento de investigación dos feitos denunciados pola persoa informante, debe comunicar as súas decisións e resolución ás partes.

Neste sentido, a persoa informante, sempre e cando non houbera presentado a denuncia de xeito anónimo ou que houbera renunciado a recibir comunicacións, ten dereito a recibir acuse da denuncia presentada, recibir comunicación sobre os acordos adoptados ao longo da tramitación da investigación dos feitos denunciados, así como a recibir comunicacións da resolución final do órgano Responsable de Canal de Denuncias.

A persoa denunciada ten dereito a ser informada da existencia dunha denuncia que lle afecta, así como a recibir comunicación sobre os acordos adoptados ao longo da tramitación da investigación dos feitos denunciados, así como a recibir comunicacións da resolución final do Órgano Responsable do Canal de Denuncias.

A persoa xestora do Canal de Denuncias, a persoa instrutora do procedemento e das persoas integrantes da Comisión de Ética encargados da emisión da resolución final asegúranse, no marco das responsabilidades por elas asumidas en cada un dos procedementos de investigación, de cumprir co deber de información e manter a adecuada comunicación coas partes, sempre e cando as mesmas, ou algunha delas, non houbera renunciado de xeito expreso a recibir comunicacións ou nos supostos nos que a persoa informante houbera presentado a denuncia de xeito anónimo.

## DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento foi aprobado o 26 de xaneiro de 2024